



## Acta de reunión

Órgano convocado	ACTA DA REUNIÓN DO CONSELLO ESCOLAR DO DÍA 30 DE NOVEMBRO DE 2021								
Lugar de reunión	SALÓN DE ACTOS			Ordinaria	<input checked="" type="checkbox"/>	Extraordinaria	<input type="checkbox"/>	Urxente	<input type="checkbox"/>
Nº de reunión	4_2021/22	Data	30-11-2021	Hora inicio	18:45	Hora remate	19:30		
Moderador/a	Director: Xosé Euloxio Santos Leites								
Secretario/a	Secretaria: Mercedes Couto García								
Propósito	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Lectura e aprobación, se proceder, da acta anterior.</li> <li>2. Toma de posesión membros electos/as do consello escolar.</li> <li>3. Renovación da Comisión Económica.</li> <li>4. Renovación da Comisión de Convivencia.</li> <li>5. Informacións Varias</li> <li>6. Rogos e preguntas.</li> </ol>								
Asistentes	<p>DIRECTOR: Euloxio Santos Leites. XEFE ESTUDIOS: Anxo Rodríguez Rodríguez., SECRETARIA: Mercedes Couto García.</p> <p>PROFESORADO: Montserrat Paz Núñez, Santos Seara Escudero, Mª Jesús Magariños Rey, Mónica Rodríguez Nieto, Rosa Martín Bejarano, Mar Castrillón González, Ana Ojea Alonso</p> <p>PAS : Angeles Vázquez Salgado</p> <p>PAIS/NAIS.: Mª Mar Cerviño Escaneo</p> <p>ALUMNOS/AS: Mirian García Puentes, Nuno Lima Méndez, Victor M. Alonso Alonso</p> <p>CONCELLO:</p>								

## Temas tratados

No **1º punto da orde do día**, a Secretaria, Mercedes Couto dá lectura a acta do Consello Escolar do día 19 de Outubro de 2021, aprobándose por unanimidade.

No **2º punto da orde do día** infórmase da nova composición do Consello escolar que resulta das eleccións celebradas o día 23 de novembro. Incorporáanse as seguintes persoas:

- Pais/Nais: Luisa Álvarez Zaragoza
- Alumnos/as: Mirian García Puentes, Nuno Lima Méndez, Victor Manuel Alonso Alonso.
- Profesorado: Montserrat Paz Núñez, Santos Seara Escudero, Ana Ojea Alonso
- PAS: Mª Ángeles Vázquez Salgado

No **3º punto da orde do día** désígnanse os membros da comisión económica, que queda formada por:

- Director: Euloxio Santos Leites.
- Secretaria: Mercedes Couto García.
- Pais/Nais: Mar Cerviño Escaneo
- Alumnos/as: Victor M. Alonso Alonso
- Profesorado: Santos Seara Escudero, Rosa Martín Bejarano
- PAS: Ángeles Vázquez Salgado



No **4º punto da orde do día**, constitúese a Comisión de Convivencia que queda formada por:

- DIRECTOR: Euloxio Santos Leites
- X. ESTUDIOS: Angel Suárez Rios
- ORIENTADORA: Irma Álvarez Dieguez
- PROFESORADO: Montserrat paz Núñez, Ana Ojea Alonso
- PAIS/NAIS:
- ALUMNOS/AS: Nulo Lima Méndez
- PAS: Ángeles Vázquez Salgado

No **5º punto** da orde do día, o Director informa dos seguintes temas:

- a) Pintadas homófobas e fascistas realizadas na entrada da escola o día 1 de decembro, explícanse os sucesos acontecidos e as actuacións levadas a cabo ata o momento.
- b) Roubos de patinetes e bicicletas. Infórmase que como consecuencia dos roubos no centro e noutros establecementos da zona, optouse por volver a pechar o centro e con acceso controlado a través de conserxería

En rogos e preguntas, fórmulanse os seguintes:

- a) A profesora Mónica Rodríguez di que non lle chegou información de ningún dos temas, e roga que esta información se traslade directamente ao profesorado. A profesora Ana Ojea súmase a esta petición. O director explica que esta información trasladouse na CCP do día 15 de novembro e que supoñía que os xef@s de dpto. a trasladarían ao profesorado.
- b) A nai Mar Cerviño, pregunta pola situación COVID no centro e as previsións de excursións. Informa o director da situación a día de hoxe.
- c) A profesora Chus Magariños solicita se remita as precaucións COVID ás familias a través dun abalar
- d) A alumna Mirian García pregunta si non se poden efectuar saídas educativas. O Director explica que sí, que se están facendo atendendo as medidas de precaución COVID, que debe coordinarse o departamento respectivo coa vicedirección.
- e) O alumno Nuno Lima, di que non se lle informou ao alumnado sobre o peche do centro.

E non habendo máis asuntos que tratar, dáse por finalizado o Consello Escolar sendo ás 19:30 horas levántandose esta acta para dar constancia dos acordos adoptados.

## Acordos

Visto e prace moderador/a  
Euloxio Santos Leites

O/A secretario/a  
Mercedes Couto García